

**ACTA DE LA MESA DE CONTRATACIÓN PARA LA APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS CONTRATISTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO CONVOCADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “CARRETERA DE PONTE ARANGA A LOUSADA, PARROQUIAS DE ARANGA E VERÍS”.**

Na Sala de Sesións da Casa Consistorial de Aranga, sendo as doce horas do día vinte e seis de maio de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de contratación do concello de Aranga, formada por D.Alberto Platas Álvarez, que actúa como Presidente, D<sup>a</sup>.Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga (Secretaria-Interventora do Concello), D.Francisco Jose Vázquez Freire, D.Antonio López Panete, que actúan como vogais, actuando D.Jose Vázquez Santé como secretario da Mesa.Esta ausente Eva María Sánchez Brañas.

Queda válidamente constituída a mesa, segundo establece o artigo 21 do Real Decreto 817/2009 de 8 de maio.

A reunión da Mesa ten por obxecto abrir e cualificar a documentación xeral (Sobre A, “Documentación” ) das proposicións que se presentaron para participar no procedemento aberto convocado para adxudicar a obra denominada “Carretera de Ponte Aranga a Lousada parroquias de Aranga e Verís” financiada pola Deputación Provincial a través do Plan de Acción Social 2015- convenio , cun orzamento total incluídos todos os conceptos de 278.281,56 €.

O expediente de contratación por procedemento aberto cun único criterio de valoración , aprobouse pola Xunta de Goberno Local na sesión do 11 de abril de 2016, publicándose anuncios no Boletín Oficial da Provincia do 21 de abril de 2016 , no periodico La voz de Galicia do 20 de abril de 2016 e no perfeit do contratante.

Procédese á lectura do anuncio de licitación. Durante o prazo de presentación de ofertas presentarónse as que constan no certificado de secretaria- intervención, resultando que concorda o dito certificado cos sobres que obran en poder da mesa.

O Secretario informa das proposicións que se presentaron, no tempo e na forma:

Nº Rexistro	Empresa	Fecha entrada	Notificacion envio(correo)
628	Construcciones Cernadas SL	04/05/16	
682	Alvac SA	12/05/16	11/05/16
692	Cosmalca SL	13/05/2016	
699	Desmaco SL	13/05/16	
700	Eulogio Viñal Obras y Construc.SA	13/05/16	12/05/16
701	Asfagal Técnicas Viarias SL	13/05/16	12/05/16
702	Const. Leonardo Miguelez SL	13/05/16	
703	Const.y Obras Andújar SL	13/05/16	12/05/16
705	Begasucegsa	14/05/16	

707	Construcciones Rafer SL	16/05/16	
709	Antonio Filloy SA	16/05/16	
713	Excavaciones Cernadas Valiña SL	16/05/16	
714	Construcciones Taboada y Ramos SL	16/05/16	
717	Construcciones López Cao	16/05/16	
718	E mezclas asfálticas SL	16/05/16	13/05/16
719	Explotaciones Gallegas SL	18/05/16	
720	F.Gómez y Cía SL	18/05/16	
734	Oviga SL	19/05/16	18/05/16
735	Lancer Proyectos y Obras SA	19/05/16	18/05/16
736	Canarga Construcciones	19/05/16	18/05/16
737	Arias Infraestructuras 1955	19/05/16	18/05/16
738	Aquablue Sistemas Constructivos SL	19/05/16	18/05/16
739	Construcciones D.Ogando SL	19/05/16	18/05/16
740	Concifa SL	19/05/16	16/05/16
741	Hordescon SL	19/05/19	18/05/16
742	Obras y Saneamientos de Galicia SL	19/05/16	18/05/16
743	Coviaslec SL	19/05/16	18/05/16
744	GR Const.,Obras y Servicios SLU	19/05/16	18/05/16
745	SYR-AG SLU	19/05/16	18/05/16

De seguido, por orde do Presidente procédese a apertura dos sobres que conteñen a documentación das empresas , para a súa cualificación.

A efectos de resolver posibles dudas que se plantexen no momento da apertura dos sobres, acordase fixar os seguintes criterios:

1. Entende que ao non marcarse no prego de cláusulas administrativas particulares que rixen a contratación (anexo I) o apartado de compromiso de contratar traballadores desempregados, se considera que este documento ao que se refire o Apartado E da cláusula 12.1.2 non é obrigatorio presentalo.

2. Se se omite o número de fax ou correo electrónico enténdese que non se desexa utilizar este medio de comunicación polo que non precisará subsanar a súa omisión.

3. A omisión do índice non se considera erro subsanable.

4. Se considera erro subsanable a omisión da restante documentación.

Se procede a apertura dos sobres comprobando que todas as empresas presentan a documentación requerida , excepto as que se indican a continuación:

- A empresa Asfalgal Técnicas Viarias SL omite a presentación da declaración responsable, polo que se lle concede un prazo, ata as once horas do día 1 de xuño de 2016, para a presentación da dita declaración nas oficinas municipais.

- As empresas Alvac SA, Desmaco SL, Construcciones López Cao, Explotaciones Gallegas SL e Francisco Gómez y Cía SL omiten o certificado de traballadores con discapacidade. Acordase requerirles para que presenten o dito certificado antes das once horas do día 1 de xuño de 2016 nas oficinas municipais, coa advertencia de que no caso de non presentalo se entenderá que a empresa non ten traballadores con discapacidade.

- A empresa Construcciones Rafer SL declara a subcontrata do tratamento dos residuos da construción, entendendo a mesa de contratación que, ao ser necesario que o tratamento dos residuos os leven a cabo empresas autorizadas, este constitúe un gasto do contratista e polo tanto non esta incluído na prohibición de subcontratar, polo que se requirira a empresa para que subsane o erro, presentando a documentación axeitada antes das once horas do día un de xuño de 2016 nas oficinas municipais.

- A empresa Begasucegsa presenta unha declaración de subcontratación do 11,27% da obra. Tendo en conta que segundo establece o apartado B da base 12.1.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, "As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros, serán excluídas", acordase excluir a súa oferta por non ser subsanable.

A vista do exposto a Mesa acorda:

- declarar inadmitida a proposición da empresa Begasucegsa
- declarar admitidas as 28 restantes proposicións presentadas
- Anuncialo no Perfil do contratante, sen prexucio das oportunas notificacións por correo electrónico.

- Que a Mesa de contratación se reúna o vindeiro día **un de xuño, as trece horas na sala de sesións da casa consistorial para a apertura das ofertas económicas das empresas admitidas.**

O presidente da por terminada a sesión, sendo as catorce horas do día indicado no encabezamento. Dou fé.